

Reunido os días 21 de xullo e 28 de setembro de 2023 o tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza do grupo III, na categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (resonancia magnética nuclear), convocado por resolución reitoral do 2 de decembro de 2022, de cara a realización do segundo exercicio, que terá lugar o vindeiro **18 de outubro de 2023, ás 11:00 horas**, na «**Aula Seminario de Físico-Química**», no pavillón central da **Facultade de Farmacia**, avenida de Vigo, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela,

ACORDOU publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección**:

- As persoas aspirantes deberán ir provistos do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis e goma de borrar, e calculadora non programable.
- Non se permitirá o acceso á aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio para quen o precise. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico ao secretario do tribunal (felix.navaza.aller@usc.es).
- Segundo o previsto no Anexo I da convocatoria, o exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa do Anexo II á convocatoria.
- O tempo para a realización do exercicio será de 95 minutos. As persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento ás 11:00 horas e serán excluídas da oposición as que non comparezan. Segundo o sinalado na base 6.1 da convocatoria a orde de chamamento das persoas aspirantes iniciárase pola primeira da letra «T».
- O exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas, o que supón unha valoración de 15 puntos. As preguntas en branco e as incorrectas non descontan.

Consonte coa base 7.1 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas no exercicio.

O presente acordo publicarase no taboleiro electrónico da USC (dispoñible na ligazón seguinte: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) na web de convocatorias de probas selectivas de PAS (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oepl/listado>) e no lugar de realización do segundo exercicio: «Aula Seminario de Físico-Química», da Facultade de Farmacia.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2023.

A presidenta do tribunal
Carmen Álvarez Lorenzo

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN ISABEL ALVAREZ LORENZO, NIF ***8792**, 06/10/2023 09:12:05.

CSV: 36D8-95D0-4156-A779